

OBSTÁCULOS DUNHA PERSOA CON DISCAPACIDADE

Alberto naceu o 31 de xaneiro de 1994; naceu cunha lesión na columna vertebral que lle impediu andar. Soña con facer algo para as persoas con discapacidade xa que cando era pequeno non podía entrar nalgúns lugares, non sempre había unha rampa para a súa cadeira de rodas, o seu pai tíñao que levar no colo a algúns lugares,...



Estudou a carreira de medicina pero ninguén o quería contratar xa que dicían que unha persoa en cadeira de rodas non era capaz de atender a outras. Tras mandar moitos currículums a hospitais só unha persoa, Nuria unha muller de 39 anos, lle deu unha oportunidade. No hospital de Ourense atendeu a persoas durante 10 anos, ata o momento en que coñeceu ao presidente da Xunta e Alberto contoulle todo o que lle gustaría facer pola xente con necesidades coma el.

Grazas a amizade co presidente interesouse pola política e fundou o seu propio partido ao que chamou PIE (Partido pola Igualdade Español). Fixo moitísimas pancartas, iso si, de papel reciclado; contoulle a toda España as medidas que tomaría se fose presidente: poñería rampas para que as persoas en cadeira de rodas poidan acceder a todo tipo de locais, xente para que axude ás persoas con discapacidade,.... E cando chegou o día das eleccións Alberto gañou. Foi o primeiro presidente cunha discapacidade; fixo todo o que prometeu e todos e todas estiveron moi contentos.

